

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32008941	IES Eduardo Blanco Amor	Ourense	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	25
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	29

1. Introducción

Esta Proposta educativa vai destinada a catro grupos de alumnos/as de 3º ESO do IES Eduardo Blanco Amor de Ourense ; ampárase na LOMLOE e pretende que o noso alumnado remate esta nova etapa de ensino básico acadando un desenvolvemento axeitado das competencias propostas para ser un cidadán e cidadá que poida vivir en Democracia, respectando os dereitos dos demais. Así, a materia de Lingua Galega e Literatura busca un uso ético da linguaxe ao servizo da convivencia, a resolución dialogada de conflitos, o respecto da diversidade e o fomento da igualdade para iso deberemos fomentar o coñecemento da diversidade lingüística e cultural, a comprensión, produción textual, a crítica, as producións culturais, o fomento do hábito lector.

Divídense os criterios de avaliación e os contidos en catro bloques que serán tratados en maior ou menor profundidade en cada un dos 9 temas en que imos dividir a proposta que elaboramos e que son: 1. "A lingua e os seus falantes" que trata temas considerados de sociolingüística así como a diversidade e respecto ante esta así como o rexeitamento de todo tipo de prexuízos. 2. "Comunicación" que toca aspectos refridos á comunicación oral e escrita e como non á información mediática. 3. "Educación literaria" co que se pretende consolidar o hábito lector, que teña capacidade para intepretar textos literarios e facer un achegamento ao contexto histórico-cultural que abrangue dende a Idade Media ata a "Literatura entre dous séculos". 4. "Reflexión sobre a lingua" onde pretendemos o estudo da gramática facendo fincapé na indagación e a práctica.

Hai que facer fincapé que na actual normativa pídese un achegamento ás linguas da Península como variedades próximas e ao Portugués e a Lusofonía en particular polo especial vencello coa nosa lingua.

Xa comentamos que artellamos a Proposta arredor de 9 unidades didácticas e segundo a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se publica o calendario escolar para este curso 2022-23 na nosa Comunidade Autónoma.

Ademais das unidades en si, participaremos en proxectos , actividades complementarias e colaboracións que teñan que ver coa materia e dentro disto propoñemos incluír obras literarias de autores actuais e tendo en conta os intereses do alumnado, que toquen temas transversais, éticos e socioculturais, nese desexo de fomento da lectura entre os máis novos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Na procura dos soños	Despois dunha avaliación inicial comezamos por ver o texto e propiedades (adecuación, coherencia e cohesión) Unidades lingüísticas: fonemas do galego. acentuación, léxico deportes. Nacemento da lingua galego-portuguesa e a literatura medieval: cantiga de amor e de amigo.	10	11	X		
2	Romper barreiras	Texto narrativo e elementos deste. Acentuación, diacríticos e diérese. Palabra (lexemas/morfemas) Nacemento da lingua galega. Cantiga de escarnio e xéneros menores.	10	12	X		
3	SOS infancia	O texto descritivo (clases) O substantivo (xénero e número) Puntuación. Lírica relixiosa e prosa medieval.	10	12	X		
4	Diáspora	Texto dialogado: oral e escrito. O adxectivo (tipos e gradación) O galego medio: s.XVI-XVIII e o XIX. Literatura dos séculos XV-XVIII. Século XIX. Prerrexurdimento e Rexurdimento cos seus autores e obras.	10	11		X	
5	Amigos incondicionais	O texto expositivo: estrutura e características. Os determinantes (artigos, demostrativos, posesivos, numerais,	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Amigos incondicionais	indefinidos, interrogativos e exclamativos) Maiúsculas; campo semántico. A lusofonía. Rosalía e a súa obra.	10	12		X	
6	Igualdade de xénero	O texto argumentativo: características e estrutura. O pronome persoal: formas e colocación. As variedades lingüísticas do galego. A literatura de Curros Enríquez.	15	12		X	
7	Luces... Cámara...Acción!	O texto xornalístico: a noticia e a entrevista. O verbo e as perífrases verbais. Cine e tv; préstamos e estranxeirismos. A lingua estándar e os desvíos desta: Hiperenxebrismos, dialectalismos, castelanismos. A literatura de Pondal.	10	11			X
8	Especies invasoras	A reportaxe. Xéneros de opinión. Adverbios, preposicións e conxuncións. L/LL/Ñ e cambios semánticos. Os prexuízos lingüísticos. A narrativa do século XIX: novela e teatro.	10	12			X
9	Filtrando a publicidade	O texto publicitario: compoñentes e trazos lingüísticos. A sintaxe. frase, cláusula e oración. O plurilingüismo (bilingüismo e diglosia) e a normalización. Narrativa do s. XIX: literatura popular: conto/lenda/ cantiga/ refrán	15	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Na procura dos soños	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	Coñece o nacemento do galego así como do portugués e identificar as semellanzas e diferenzas entre eles. Identifica épocas e linguas que interveñen na formación.	PE	80
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende textos escritos narrativos, localizando ideas principais e secundarias así como os elementos da adecuación, coherencia e cohesión textual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Elabora textos que resuman a teoría estudada con corrección e aplicando as propiedades textuais estudadas.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende o sentido de lecturas propostas e dá conta do contido e estrutura destas.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comenta cantigas medievais de amigo e de amor, diferenciando os dous xéneros, recoñecendo os recursos formais e de contido e cos tecnicismos que corresponden.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Constrúe textos teóricos aplicando o estudado: acentuación normal e co sistema fonético do galego.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende textos orais e exprésase con corrección en lingua galega no contexto educativo.	TI	20
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Usa a lingua galega, respectando o uso da palabra e facéndoo coa máxima corrección.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
2	Romper barreiras	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Comprende como a nosa lingua é románica ao igual ca outras; saber como foi o proceso de formación e identificar que aspectos sobre os que temos prexuízos polo castelán son, en realidade, produto da evolución dende o latín pero que despois se falsearon por prexuízo e descoñecemento lingüístico.	PE	100
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende textos narrativos identificando a estrutura destes: personaxes, acción, tempo, espazo e tipos de narradores.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende o sentido, temas e aspectos esenciais das cantigas satíricas e dos xéneros menores: pranto, tenzón e pastorela, distinguindo os xéneros.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa as propias producións atendendo á existencia de familias regulares e irregulares, uso da diérese e acento diacrítico así como recoñecer a estrutura morfolóxica das palabras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio)

UD	Título da UD	Duración
3	SOS infancia	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Coñece as linguas da Península, indicando conceptos como cooficialidade e facendo fincapé no catalán trantando de que sexan conscientes das simellanzas deste con outras románicas.	PE	100
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Recoñece prexuízos lingüísticos en situacións diferentes e saber explicar o porqué de tales.		
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende textos descritivos en distintos soportes identificando recursos e tipos.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Elabora unha descrición seguindo os pasos estudados para este proceso así como identificar as clases destas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa textos facendo fincapé en aspectos como a puntuación, xénero e número no substantivo.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende unha cantiga medieval relixiosa difeernciando líricas e narrativas ou prosa, identificando temáticas.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Demostra a lectura e comprensión dunha obra de lectura proposta para o nivel de 3º da ESO.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Usa correctamente o xénero e número do substantivo así como sabelos clasificar atendendo ao seu significado, coma, punto e coma e punto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade. - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpreta-ción das obras literarias.

Contidos

- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio)

UD	Título da UD	Duración
4	Diáspora	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende textos dialogados, estrutura e características destes. Analizar neste tipo de comunicación a fraseoloxía.	PE	70
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Le textos e intérpretaos da literatura dos séculos XVI-XVII e do XVIII e XIX así como coñece algo do contexto no que xorden, características definitorias, temas e dos seus autores dando conta do contexto histórico no que xorden,		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Identifica adxectivos e clases destes en textos e incorporar o seu correcto uso a nivel de xénero e número así como a gradación deste. Tratando tamén a conjugación do verbo regular facendo fincapé na ausencia de tempos compostos.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral dialogada sobre un tema dado previamente preparado.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Reflexiona sobre un vídeo proposto coa máxima corrección e respectando as normas de cortesía aprendidas.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Fai un traballo en soporte escrito ou tecnolóxico sobre textos dados onde se fale del segundo o estudado ou se recomende a súa lectura. Valora facer un podcast en formato audio ou vídeo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.

UD	Título da UD	Duración
5	Amigos incondicionais	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	Comprende o que é a Lusofonía, como xorde e sabe algo de cultura xeral en relación ao Portugués: música, literatura, premios, revistas...	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece as características e a estrutura dun texto expositivo.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Planifica un texto expositivo coherente, cohesionado e adecuado sobre un tema sinxelo e revisa a súa corrección.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Le unha obra literaria proposta dando conta desta e amosando a comprensión dos temas que se tocan e opinando sobre ela.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Le, comprende e comenta textos de Rosalía atendendo ás características esenciais, temáticas e pode poñelo en relación co contexto histórico e co deles.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Incorpora o léxico do campo semántico dos animais, maiúsculas e minúsculas, determinantes, artigos, demostrativos, posesivos, numerais, indefinidos, interrogativos e exclamativos e os usos especiais de demostrativos e posesivos especificamente galegos.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa as producións a nivel de maiúsculas e minúsculas, determinantes, artigos, demostrativos, posesivos, numerais, indefinidos, interrogativos e exclamativos e os usos especiais de demostrativos e posesivos especificamente galegos.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza un texto expositivo respectando os elementos estudados destes en canto a estrutura e claridade.	TI	20
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Busca en diferentes fontes información para elaborar un texto expositivo sobre un tema dado: redes, dicionarios, manuais...		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...). - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
6	Igualdade de xénero	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Identifica os principais trazos das variedades lingüísticas do galego: xeográficas especialmente pero tamén sociais, históricas, situacionais e é capaz de entender como se fixo e utilidade da variedade estándar; comprendendo os prexuízos que se poden dar polo uso desta ou de variedades xeográficas.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Elabora un texto argumentativo sobre temas sinxelos segundo as características destes vistas.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende e pode explicar textos de Curros identificando características definitorias da súa poesía, temáticas e contexto.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Comprende e goza coa lectura proposta e dá conta dos seus procedementos de composición, temática e estrutura en relación á súa experiencia.	PE	100
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Realiza un comentario dalgún texto de Curros segundo o modelo e aspectos explicados na aula e pode comparalo co doutros autores estudados.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Coñece as regras e aplicación de uso do pronome persoal tónico e átono e contraccións destes.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Elabora un texto argumentativo segundo os trazos estruturais e lingüísticos que o definen aplicando o uso de pronomes e do h, b e v especialmente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas,

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - mapas conceptuais, definici - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
7	Luces... Cámara...Acción!	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Localiza e corrixe desvíos da lingua estándar que poden dar lugar a prexuízos: vulgarismos, dialectalismos, hipergaleguismos e en especial castelanismos. Ademais distingue préstamos e estranxeirismos.	PE	90
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Analiza textos xornalísticos e en especial a noticia da que debe recoñecer a estrutura.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comenta textos líricos de Pondal analizando características esenciais, temáticas da súa obra e analiza a importancia do celtismo poñéndoo en relación co que se deu na Historia e na literatura posterior.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Coñece o uso dos verbos regulares e irregulares: tempos e morfoloxía especialmente e as perífrases verbais, sabendo clasificar estas últimas.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Aplica o estudado sobre o verbo e as perífrases ás súas producións.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Expón oral a súa opinión sobre unha noticia dun xornal ou medio audiovisual en galego normativo e respectando normas de cortesía.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos texto - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras,

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - compoñentes das oracións ou conxexión - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
8	Especies invasoras	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Reflexiona sobre o que ocorre no centro e no seu mundo en relación ao uso da lingua galega sendo consciente de cales son os procedementos para rachar con eses prexuízos.	PE	60
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Interpreta o sentido, estrutura de textos de opinión: editorial, artigo de opinión e de crítica.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Organiza e realiza un artigo de opinión segundo o estudado e tendo en conta adecuación, coherencia e cohesión.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Recoñece a importancia, o contexto, autores e entende textos da narrativa e do teatro do século XIX.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Identifica en textos propostos e usa correctamente nos propios: adverbios, preposicións e conxuncións así como a ortografía de L//LL/N/Ñ por que/ porque/ porqué/ conque e con que.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Localiza os prexuízos lingüísticos actuais pero que veñen de vello e pono en relación co que ocorre especialmente co catalán comparando as dúas situacións lingüísticas e culturais a través da análise do que se pode ver na rede e que ocorre no mundo deportivo, educativo...		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elabora unha reportaxe de investigación respectando e poñendo en práctica o estudado sobre este xénero xornalístico.	TI	40
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Usa buscadores na rede e selecciona a información para un tema proposto de xeito crítico.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Participa de xeito organizado e seguindo unhas pautas nun debate sobre tema actual ou problema plantexado no seu contexto escolar ou de relacións sociais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
9	Filtrando a publicidade	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Coñece os conceptos de plurilingüismo, bilingüismo, diglosia e identifica prexuízos en textos e situacións da vida cotiá tomando conciencia dos procesos de normalización.	PE	80
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Coñece os compoñentes da publicidade en distintos soportes así como os trazos lingüísticos e a interrelación coa imaxe, música, deseño.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica en textos alleos e elimina das súas producións os usos discriminatorios da lingua en especial os sexistas e de non atención á diversidade.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Le comprensivamente, interpreta e dálle importancia á literatura popular analizando as características destes subxéneros e poñéndoos en relación co contexto histórico no que xorden e tamén co que ocorre noutras literaturas.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Le autonomamente unha lectura proposta e pode dar conta dela expresando temática, estrutura, comparación con outras obras lidas e amosando a súa propia opinión persoal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Usa nas propias producións os grupos consonánticos do galego, léxico da comunicación e a sintaxe da frase e da cláusula.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Entende o uso do eufemismo e a sintaxe a nivel correcto nos textos publicitarios e reflexiona sobre o uso do eufemismo nesta.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Comprende e pon en relación a análise de frases, cláusulas simples e complexas vendo o que ocorre noutras linguas e sendo consciente de distintos xeitos de facelo dependendo do marco teórico no que se movan; para iso deben ser capaces de consultar gramáticas e facer comparacións.		
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Localiza e analiza a publicidade especialmente a que lles chega a través das redes, identificando tema, intención e fiabilidade.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Analiza e adopta actitude crítica cara á publicidade e ve a intención do emisor e os procesos usados para logralo tendo en consideración o sexismo, estereotipos, usos de eufemismos.	TI	20
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear algún texto literario de carácter popular: lenda, conto, refrán, cantiga...		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos texto

Contidos

- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Partiremos sempre dunha avaliación previa básica (por veces feita de xeito oral) para determinar o nivel de coñecementos previos sobre a materia que imos tratar e así podelos relacionar co impartido e lograr así unha aprendizaxe significativa que se adapte ao nivel, ao desenvolvemento evolutivo de cada alumno e así será preferible asentar conceptos con rigor e claridade e non tocar todos superficialmente.

Seremos eminentemente prácticos no proceso para conseguir unha iteración docente/alumno para que este sexa autónomo e o principal autor da súa aprendizaxe, sendo o docente, principalmente un guía e orientador do proceso. A materia nosa é instrumental polo que debemos dotalos non só de coñecementos senón de habilidades que lles permitan aprender a diferentes ritmos, ser unha aprendizaxe o máis activa posible e que poidan aplicar o aprendido a outras disciplinas e á vida real.

Entre as concrecións e liñas a seguir, resumimos as seguintes:

- O uso de distintos métodos para achegarse a diferentes ritmos de aprendizaxe que o capaciten para o mundo do estudo ou do traballo unha vez rematada a ESO.
- Combinación de tarefas simples e outras máis complexas onde teñan que usar distintos recursos e de distintas situacións comunicativas para así crear cidadáns cultos, críticos e ben informados.

- Traballo cooperativo para poñer en práctica o respecto ás opinións e puntos de vista diferentes, saber traballar en grupo, saber adquirir responsabilidades e non diluírse nun grupo onde uns traballan e outros non de xeito que se reforce a autoestima e a autonomía tamén.
- Traballar con proxectos que sexan da súa vida e que traten temas de actualidade e que preocupan á sociedade actual como a inclusión, a diversidade, dereitos humanos, medio ambiente e todo o que teña que ver coa igualdade e convivencia en paz e respecto.
- Atenderase en especial a diversidade, atendendo individualmente, localizando dificultades de aprendizaxe, aplicando plans de reforzo e ampliando tamén para aquel alumnado que requira máis.
- Usaremos a lectura de distintos tipos de textos para comprensión lectora.

Para os alumnos que teñan dificultades xa detectadas dende a avaliación inicial ou despois, para os que repitan, para os que se incorporen tarde ao centro e para os exentos e os que sexan sobredotados haberá actividades deseñadas en colaboración co noso Departamento e co de Orientación para atendelos. Así os que precisen algún reforzo concreto terán un apoio de actividades de dificultade menor cás vistas na aula para que poidan facer práctica, en concreto daqueles aspectos que lles resulten dificultosos e que o profesor irá corrixindo á medida que as entreguen. Este será un xeito moi bo de saber se van evolucionando ao igual que aos repetidores que por exemplo a nivel de libros de lectura obrigatoria permitiráselles a lectura doutros diferentes consensuados co profesor. Este cambio de libros tamén se lle permitirá aos repetidores para que non releen. Para os exentos facilitaráselles, segundo o precisen, caderniños e material propio, que toquen aqueles aspectos básicos de ortografía, morfoloxía e léxico da lingua galega. No lado contrario temos aos sobredotados para os que se disporá de actividades de dificultade maior e traballos que van realizar en diferentes soportes, sobretudo coas TIC, algúns que lles permitan desenvolver a súa creatividade e intereses propios. Pódese ver na aula virtual. Tamén se fará fincapé na colaboración constante co Departamento de Orientación para tratar aqueles casos onde haxa algunha discapacidade e se precise axuda dun PT ou faranse as Adaptacións Curriculares que se determinen.

REPETIDORES

O plan de Reforzo, á parte da optatividade, exención da 2ª lingua estranxeira, apoios, intento de motivación, consistirá tamén na materia de Lingua galega nun material que o profesor lle facilitará a todos os repetidores a través da aula virtual, adaptado ao nivel correspondente para que vaian traballando a maiores aqueles aspectos básicos relacionados coa morfoloxía, léxico e de funcionamento da lingua e dos que se fará seguimento ao longo do curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Diferenciamos aqueles recursos que son propiamente para o alumnado do que é para o docente e tamén tomaremos en consideración que os materiais e recursos sexan en soportes diversos e con diferentes niveis de dificultade para que sirvan para a tender a diversidade de intereses e que á vez sexan útiles e atractivos. Destacamos:

- Libro do alumnado que serve de referente: Lingua Galega e Literatura 3º ESO da editorial Anaya co currículo aprobado para este ano.
- Proposta didáctica para o docente da mesma editorial.
- Material na web de Anaya con ampliacións, textos complementarios, probas e outros recursos.
- Aula virtual para o grupo de 3ºESO baixo o título de "cursos de Carmen Trigo" na materia de Lingua Galega e literatura.
- Dicionario na rede e real da RAG para consultar tamén a legalidade dos termos.
- Web de cotovía.org onde á parte de aspectos teóricos temos actividades e propostas de dificultades diferentes coas solucións.
- Ogalegoeu para traballar aspectos prácticos ante todo.
- Material de elaboración propia subidos á aula virtual: resumos, actividades de reforzo, de ampliación, enlaces a vídeos ou páxinas en concreto...
- Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, RAG/ILG 2003.
- O libro negro da lingua galega de Carlos Callón, Xerais 2022.
- Webs da Casa de Rosalía, da de Curros Enríquez, do Centro Ramón Piñeiro, da AS-PG...
- www.blogoteca.com/profegalegas que ten recursos diversos e moi bos tanto de literatura como de lingua e sociolingüística.

Ademais da aula botaremos moita man da Biblioteca do noso centro que está en pleno proceso de cambio para dinamizala e facela atractiva tanto para coller libros como para facer nela algún tipo de busca, traballo de investigación, indagar en material diverso: audiovisual, blog, revistas, banda deseñada, dicionarios, tabletas... O Departamento de Orientación e o noso Departamento contan ademais con material especializado para atender a diversidade e o Centro propón traballo para inmersión lingüística.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é esencial para ter unha aproximación real ao nivel de coñecementos do alumnado e de detección precoz dos problemas de aprendizaxe co fin de lle poñer remedio canto antes. Farase nas primeiras semanas de curso a través dunha proba que mida os elementos básicos do nivel anterior e terase en conta ademais disto o expediente académico que podemos consultar en XADE e a información que nos poida dar o Departamento de Orientación.

A proba atende a aspectos teóricos e prácticos: aténdese á oralidade e á comprensión lectora en especial.

Todo isto porase en común na sesión de avaliación inicial e de xeito consensuado tomaranse as medidas máis axeitadas para o alumnado que poden ser de apoio educativo, ACI ou as que para cada caso concreto se dispoñan.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	15	10	10	15	100
Proba escrita	80	100	100	70	80	100	90	60	80	85
Táboa de indicadores	20	0	0	30	20	0	10	40	20	15

Criterios de cualificación:

Despois de lidas as memorias e actas que reflicten os resultados, logros e non acertos do curso pasado e pretendendo conseguir unha maior implicación do alumnado tanto no traballo de aula coma na casa, rexerá o seguinte:

Despois de realizada unha avaliación inicial que nos informará da diversidade, ademais das clásicas probas para avaliar coñecementos, levaremos no noso libro de aula un control pormenorizado do traballo realizado polo alumno así como das súas dificultades, medidas adoptadas e logros; revisaremos o seu caderno, demostrarán a lectura dos libros propostos e usaremos algunhas táboas de indicadores para analizar algúns traballos que realicen, cadernos e oralidade entre outros. Traballaremos cunha porcentaxe de 80% e 20%, desagregada como segue: 80% probas, 20% táboa indicadores.

a) Probas: 80%

En cada avaliación realizarase cando menos unha proba escrita, (inda que pode o profesor decidir que sexan máis, repartila en dúas sesións para dar máis facilidades) referente a todos os contidos vistos e de xeito proporcional, tocando os diferentes bloques que marca a Lei para a nosa materia. Cada proba constará de cuestións teóricas (curtas e longas) e exercicios prácticos semellantes aos feitos na aula. Na valoración desta proba terase en conta a corrección e xusteza dos contidos e tamén a corrección e calidade da lingua empregada. A nota final será a da proba ou a a media de todas as probas e suporá o 80% do total. Haberá sempre unha cuestión que valerá un punto en cada proba referente á corrección lingüística algo que agora está desprestixiado (para valorala hai que ter suficiente texto escrito)

b) Táboa de indicadores (20%)

A asistencia en hora e data ós exames é obrigatoria salvo casos excepcionais debidamente xustificadas. Nese caso o profesor farálle a proba cando considere. Se o alumno/a copia ou deixa copiar esa proba cualificaráselle cun 0 .

NOTA FINAL

Será a suma das tres avaliacións xogando cunha porcentaxe dun 20% para a primeira, un 30% para a segunda e un 50% para a terceira, debido ao carácter progresivo da materia. Se así o alumno non logra un 5 para aprobar, fará unha proba final de toda a materia, similar ás feitas durante o curso (incluso con preguntas e exercicios repetidos) e tamén terá compensada a parte práctica, exercicios de morfoloxía, comprensión e expresión e comprensión de textos, preguntas teóricas curtas e longas sobre o que corresponda (literatura, sociolingüística...) Puntuarase sobre 10 e superarase cun 5.

Cráterios de recuperación:

RECUPERACIÓNS: Non haberá exames de recuperación especificamente como tales por avaliación xa que, ao ser materia de contido progresivo, moitos destes van sendo incorporados nas sucesivas avaliacións. Ademais e para evitar o caos de facer exames constantes e á carta pois, analizados os resultados doutros anos, constátase que non se logran resultados positivos. Se se consegue unha media de 5, tendo en conta as porcentaxes dun 20% para a 1ª avaliación, un 30 e un 50 para a 2ª e 3ª supérase a materia. Quen non obteña un 5 ao remate da 3ª avaliación parcial tendo en conta as porcentaxes anteriores terá unha oportunidade de recuperar a materia cunha proba de toda a materia puntuada sobre 10 e que se supera con un 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Aqueles alumnos que teñan a materia pendente serán obxecto de especial atención xa dende o inicio do curso. Antes de ir aos exames de pendentes terán outras maneiras de recuperar ou axudarlles a facelo: se van aprobando as avaliacións do curso actual, apróbaselle o anterior automaticamente e tamén pode axudarlles facer o que se manda no Plan de traballo que se lle colga na aula virtual. Farán resumos e realizarán algúns exercicios que deberán entregar nunha data fixada. O docente fará un seguimento dese traballo e solucionará as dúbidas que lle xurdan. Se superan isto axudarlles non só a preparar o exame de pendentes senón que se terá en consideración para lograr ata un 3 puntos sobre 10.

6. Medidas de atención á diversidade

Teñamos en conta que na ESO rexen os principios de equidade, calidade, igualdade de oportunidades, non discriminación, integración e cooperación polo que hai que ter en consideración as distintas capacidades, intereses, ritmos, estilos de aprendizaxe e circunstancias persoais. Neste senso imos ter necesidades educativas especiais por atraso madurativo, trastornos na atención, descoñecemento grave da lingua galega, por estar en situación de vulnerabilidade por altas ou baixas capacidades de aprendizaxe, desmotivación... Para os alumnos que teñan dificultades xa detectadas dende a avaliación inicial ou despois, para os que repitan, para os que se incorporen tarde ao centro e para os exentos e os que sexan sobredotados haberá actividades deseñadas en colaboración co Departamento de Orientación para atendelos. Así os que precisen algún reforzo concreto terán un apoio de actividades de dificultade menor cás vistas na aula para que poidan facer práctica, en concreto daqueles aspectos que lles resulten dificultosos e que o profesor irá corrixindo á medida que as entreguen. Aos repetidores, a nivel de libros de lectura obrigatoria, permitiráselles a lectura doutros diferentes consensuados co profesor, para que non releen. Para os exentos recomendaráselles segundo o precisen caderniños e material propio a través da aula virtual, que traten aqueles aspectos básicos de ortografía, morfoloxía e léxico da lingua galega. No lado contrario temos aos sobredotados para os que se disporá de actividades de dificultade maior e traballos que van realizar en diferentes soportes, sobretudo coas TIC, algúns que lles permitan desenvolver a súa creatividade e intereses propios. Tamén se fará fincapé na colaboración constante co Departamento de Orientación para tratar aqueles casos onde haxa algunha discapacidade e se precise axuda dun PT ou faranse as Adaptacións Curriculares que se determinen.

Partindo do proxecto curricular, a profesora realizará as adaptacións necesarias, tendo en conta os seguintes puntos:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propoñer actividades de aprendizaxe diferenciadas.

- Organizar grupos de traballo flexibles.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.
- Modificar a temporalización ou a orde dos contidos indicados nos apartados anteriores.
- Lecturas significativas de fragmentos da obra de autores clásicos e actuais da nosa literatura e en especial de obras de literatura xuvenil.
- A mellora na eficacia lectora será o eixo fundamental destas actividades.
- Elaboración de textos propios para exercitar o traballo de redacción e posterior corrección de posibles erros.
- Exercicios complementarios de gramática. Son exercicios, na súa maioría relacionados coa morfoloxía, que inciden nas habituais carencias que presenta o alumnado nesta etapa educativa e axudan a reforzar os coñecementos xa adquiridos en cursos anteriores.
- Exercicios de acentuación, léxico e semántica. Incidindo na análise de elementos lingüísticos tales como lexemas, prefixos, sufixos, etc. --- -Busca de palabras no dicionario.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual							X	X
ET.4 - Competencia dixital							X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial								
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X			X		X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X			X	X		
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade			X	X			X	

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X

	UD 9
ET.7 - Educación emocional e en valores	
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Ourense literario	Con esta actividade o alumnado coñecerá os costumes, vida e ambiente de Blanco Amor, Xocas, Cuevillas, Padre Feijoo e outros persoaeiros da nosa cidade.		X	
Visita á Fundación de Curros en Celanova	Completarase á parte cun roteiro literario , visita a Castromao e Mosteiro da vila.			X
Asistencia a algunha obra teatral	Sempre que sexa en lingua galega.		X	X
Club de lectura en galego	Divididos en dous para facilitar que haxa libros para todos os participantes na biblioteca.	X	X	X

Observacións:

As actividades procurarán tamén ser interdisciplinares pois por exemplo na de Curros colaboramos co Departamento de Xeografía e Historia na visita ao Mosteiro de san Rosendo e capela de san Miguel ou ao Castro de Castromao e co de Música na actividade relacionada co órgano da igrexa. Tamén colaboraremos nas actividades que se propoñan dende a biblioteca do centro e dende o EDLG. Fomentaremos a participación en concursos varios, elaboración de algún traballo de investigación ou lecturas individuais nese desexo de fomento da lectura e que poderán ser tidas en conta para redondeos e/ou subir ata un punto unha vez aprobada a materia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
3. Realizouse a avaliación inicial e fíxose seguimento continuado do alumnado.
5. Impartiuse toda a materia segundo o previsto na Proposta didáctica tendo en conta a metodoloxía.
11. Asistimos ás reunións de Departamento, fixemos seguimento da Proposta, analizamos resultados e propuxemos melloras procurando un clima perfecto entre os integrantes.
Metodoloxía empregada
6. Usamos distintos recursos na aula, diferentes graos de dificultade para as actividades.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
8. Fomentamos a autoaprendizaxe e o interese por aprender e en especial por defender a importancia dunha lingua propia e unha cultura.
Medidas de atención á diversidade
2. Atendeuse a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos precisos.
10. Propuxéronse actividades para os NEAE, repetidores, ACI, Reforzos.
Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un clima de aula axeitado fomentando o respecto entre todos, o diálogo e a reflexión.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
4. Informouse ao alumnado, a través de distintos medios, dos criterios, instrumentos de avaliación e cualificación.
7. Favorecemos unha boa comunicación cos alumnos, pais , titores e resto da comunidade educativa.
12. Mantivemos informadas as familias do proceso de aprendizaxe dos seus fillos.
Outros
9. Participamos nos proxectos do centro en xeral: biblioteca, clubs lectura, Plan lector, EDLG, e outras actividades propostas tamén dende o propio Departamento.
13. Facilitámoslles aos rapaces os exames, a corrección dos mesmos e todo o que eles precisen para mellorar a aprendizaxe.
14. Pasámoslle ao alumnado un cuestionario sobre a nosa práctica docente e tivemos en conta os resultados.

Descrición:

O seguimento e avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado así como da práctica docente e do propio funcionamento da Proposta educativa son esenciais para lograr uns resultados positivos. Para conseguir isto utilizaremos os indicadores de logro anteriores pasándolles unha enquisa aos rapaces por trimestre e facendo nas reunións de Departamento unha posta en común dos resultados para así tomar as medidas que sexan precisas. Estes indicadores analizaranse segundo os seguintes parámetros: CONSEGUIDO/NON CONSEGUIDO/MELLORABLE (CON POSIBILIDADE DE QUE SE FAGA PROPOSTA DE MELLORA DESE INDICADOR) Todo o anterior será analizado e permitirá realizar cambios e/ou axustar cousas para mellorar e será recollido na Memoria para que sirva como base para o curso seguinte.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Partimos de que se teñen en conta as propostas de mellora apuntadas na memoria do curso anterior e agora introducimos as cuestións referentes á nova Lei de educación que temos como referencia. A estrutura da nosa Proposta é a determinada por lei e ante posibles eventualidades (coma o covid) fariamos as modificacións precisas en relación a metodoloxía, avaliación e atención virtual.

Ademais de que tanto alumnado como pais teñan acceso á Programación, esta debe ser analizada, cando menos poñendo en común unha vez por trimestre os resultados para introducir os cambios e melloras que sexan precisas e en especial dando conta dos resultados por escrito na memoria para que se teñan en conta no curso seguinte.

Para facer este seguimento podemos cubrir se se conseguiron ou non os seguintes indicadores de logro ou se se conseguiron a medias e é posible introducir melloras:

1. Faise un seguimento da Programación ao longo de cada trimestre vendo se se acadan os obxectivos e as competencias.
2. As UD foron impartidas en tempo e forma; quérese dicir tamén se o número delas e o deseño son axeitados.

3. A metodoloxía, recursos e actividades foron axeitados, variados e motivadores.
4. A avaliación realizouse segundo o estipulado na Programación.
5. Atendeuse a diversidade e analizáronse as medidas de NEAE.
6. Valorouse a pertinencia do traballo coas transversais e participouse nas actividades complementarias.
8. Criterios, instrumentos de avaliación e mínimos estiveron ben establecidos.
9. Avaliouse o cumprimento da Programación.
10. Analizáronse os elementos que non funcionaron e aceptáronse propostas de mellora.

9. Outros apartados